

BOLSAS DE AXUDA AO ESTUDO CURSO 2024-25

A beca debes solicitala si cres que te vas a matricular no curso 24-25 en algún destes niveis. Aínda que non saibas si vas aprobar este curso ou si terás praza neses estudos.

IMPORTANTE: debes presentala en prazo, fóra de dito prazo non se admitirán solicitudes.

1.- Estudos para os que se pode solicitar bolsa:

- Bacharelato.
- Ciclos Formativos de grao medio e superior.
- Formación Profesional Básica
- Ensinanzas universitarias de grao e master, idiomas, deportivas...

2.- Como se solicitan:

As bolsas cubriranse directamente a través de internet na seguinte páxina web:

www.mecd.gob.es

Os **pasos** son os seguintes:

- Pinchar en **MINISTERIO DE EDUCACIÓN Y FP.**
- Logo en **BECAS DE EDUCACIÓN** (na esquina dereita)
- Logo pinchar en **BECAS Y AYUDAS** (debaixo do escudo de España)
- Buscar **FP, bachillerato y otros estudios no universitarios.**
- Logo en **SOLICITA TU BECA.**

Baixas ata o final da páxina e entras en **SEDE ELECTRÓNICA.** (cor azul)

Na sede pediranche o **USUARIO** (que é o DNI ou o NIE) e tamén un **CONTRASINAL.**

***Si xa pediches bolsa o curso pasado, só tés que lembrarte e poñelo.**

Si é a primeira vez que solicitas a bolsa, debes **REXISTRARTE** indicando os datos persoais e pinchando en **PERSOA FÍSICA.**

E moi importante ter unha *conta de correo electrónico activa* na momento de solicitar a axuda, xa que se enviará a esa conta, información necesaria para cubrir a beca. E non borrar este mail!!

No momento de cubrir a bolsa, é importante ter diante os DNIs ou NIEs dos membros da unidade familiar, o número de conta bancaria do solicitante e tamén, de ser o caso, o contrato de aluguer (si reside fóra do domicilio familiar durante o curso).

Unha vez dentro, debes cumprimentar o **FORMULARIO ON LINE.**

3.- Lugar e prazo de presentación da solicitude:

Preséntase **mediante formulario on-line.** O MECD enviará un mail co resgardo de presentación. Non hai que aportar documentación.

Dende o 19 de marzo ata o 10 de maio ás 15 h.

Logo nos **meses de agosto ou setembro,** será o momento de modificar os datos académicos, no caso de ter que modificalos, porque decidas estudar outra cousa.

Para obter máis información poderase chamar aos seguintes teléfonos.

981- 18 47 41 Coruña.

910. 837. 937 (de luns a venres 9.00-17.30). Ministerio.